



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico O novo réxime das viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados

CONVOCATORIA: Curso monográfico O novo réxime das viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/05/2019 - 08:00h ao 06/05/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso monográfico ten como principal obxectivo coñecer o novo marco establecido polo Real decreto lei 23/2018, do 21 de decembro, de transposición de directivas en materia de marcas, transporte ferroviario e viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados.

Este curso resulta imprescindible para o persoal inspector dada a aplicación inmediata desa normativa e o importante volume de problemas que xeran as viaxes combinadas, o que se traduce na necesidade de coñecer o novo marco normativo para afrontar axeitadamente tanto a investigación dos feitos denunciados en relación con esas viaxes como o asesoramento realizado ás persoas usuarias turísticas e ás persoas profesionais do sector das axencias de viaxes, que demandan unha información continua e permanente sobre esta nova regulamentación.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público adscrito á Axencia de Turismo de Galicia, tanto da inspección de turismo como das unidades tramitadoras que realice funcións de asesoramento e información en materia de viaxes combinadas, así como persoal da inspección de consumo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

PROGRAMA

Como temas principais a tratar neste curso monográfico destacan os seguintes.

- Ámbito de aplicación e definicións.
- Responsabilidade por erros na reserva.
- Viaxes combinadas: información precontractual; carácter vinculante; contido do contrato e documentación; carga da proba; cesión do contrato da viaxe; modificación do prezo; modificación doutras cláusulas do contrato; resolución, cancelación e desistencia; redución do prezo e indemnización por danos e prexuízos; garantías.
- Servizos de viaxe vinculados: protección fronte a insolvencia, información precontractual.
- Prescrición e réxime sancionador.
- Formularios de información.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria do curso.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 08/05/2019 a 09/05/2019

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

PASCUAL MARTINEZ ESPIN

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 10: Os días 08 e 09 de maio de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA